

UGT DESTACA OS RESULTADOS EXCEPCIONAIS DO EMPREGO, POLA REFORMA LABORAL

O Sindicato pide dar continuidade ás políticas de protección de dereitos e abordar na próxima legislatura a reforma das causas e o custo do despedimento

Redacción.- O Servizo Público de Emprego (SEPE) publicou este mércores os datos de paro rexistrado correspondentes ao mes de xullo, reflectindo un novo aumento do emprego de 10.898 persoas afiliadas á Seguridade Social. Desta forma, a afiliación volve situarse en máximos, cunha cifra media de 1.078.128 en xullo, 19.935 persoas afiliadas máis que hai un ano. Pola súa banda, o desemprego volve descender por quinto mes consecutivo, reducíndose en 1.579 persoas paradas e contabilizando un total de 127.445, o dato máis baixo desde 1996.

Estas cifras únense así ás rexistradas na última EPA, con 925.700 persoas asalariadas, e demostran que a economía atópase nun dos seus mellores momentos en canto a creación de emprego. Ademais, o máis relevante desta dinámica é que a expansión do emprego está a realizarse, grazas á reforma laboral de 2021, a través do emprego de calidade: a temporalidade na afiliación continúa rexistrando mínimos históricos, mentres que o contrato indefinido, que antes era practicamente residual, pasou a ser unha das principais modalidades de contratación nas empresas.

Por iso, para UGT-Galicia, os resultados que está a obter a reforma laboral son excepcionais. Antes de que entrase en vigor, a temporalidade achegábase ao 25%, mentres que agora, dezanove meses despois, o emprego temporal asentouse ao redor do 15%. Uns datos moi positivos, que están a permitir que se cumpra con fartura o que era o principal obxectivo da reforma, acabar coa excesiva temporalidade do mercado laboral, e que están a ter unha repercusión directa na calidade de vida das persoas traballadoras, que por fin deixaron de lado a precariedade e inestabilidade laboral propias do emprego temporal.

De feito, así o reflicte a evolución das estatísticas de contratación, nas que



é posible observar o gran peso que foi adquirindo a contratación indefinida, pasando neste tempo do 9% a case o 30% do total de contratos asinados. En conxunto, os contratos indefinidos ascenden este mes a 22.567. Unhas cifras que, á fin e ao cabo, tradúcense en miles de persoas traballadoras que agora, grazas á reforma laboral, poden gozar da tranquilidade e seguridade necesarias para realizar satisfactoriamente os seus proxectos de vida, sen a inquietude propia de non saber se serán ou non renovados tras acabar os seus contratos temporais.

Por tanto, para UGT-Galicia, non hai dúbida de que a reforma laboral supuxo un antes e un despois no modo de entender as relacións laborais no noso país, deixando ao carón a crenza de que a única maneira de crecer é a través de precarización das condicións laborais dos traballadores e traballadoras. E a mellor proba diso é o dinamismo e a solidez que está a mostrar a economía española neste contexto internacional tan difícil, crecendo por encima dos seus socios europeos e mantendo baixo control os niveis de inflación. Por iso, agora máis que nunca, é o momento de dar continuidade a todas esas políticas en materia laboral que profundan na protección de dereitos da clase traballadora

e que quedaron no tinteiro da anterior legislatura. Entre elas, a necesaria reforma das causas e o custo do despedimento, de forma que este recupere o efecto disuasorio e de reparación do dano que nunca debeu de perder.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos esta semana, en Galicia o desemprego baixou en 1.579 persoas con respecto ao mes anterior (1,2%) e no Estado esta cifra baixou un 0,4%. No ano tamén se rexistrou unha contracción do desemprego, baixando en 12.405 persoas, un 8,9% menos.

Así, o número total de desempregados sitúase en 127.445 persoas, a cifra máis baixa nun mes da serie histórica, dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 1,77%, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, o que indica unha mellora de expectativas, e baixou no ano nun 10,20%.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 0,42% e nun

2,37% entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 10,20% entre os homes e o 7,921% entre as mulleres. Aínda así, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,41% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 75.713 mulleres, fronte a 51.732 homes.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos. Así, baixou un 3,84% no primario; un 2,55% na industria; o 2,28% na construción; un 1,20% no colectivo sen emprego anterior; e nun 0,81% nos servizos. No ano sucede o mesmo, baixa en todos, salvo no colectivo de sen emprego anterior. Baixa un 15,56% no primario; o 12,1% na industria; o 10,91% na construción; e o 9% no sector servizos; no colectivo de sen em-

prego anterior, pola contra, sube un 1,14%, o que podería vir dado polo feito de que as persoas que antes estaban desmotivadas vexan agora mellores expectativas.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 0,53% en Lugo; o 1,48% en Pontevedra; o 1,13% na Coruña; e o 1,23% en Ourense. No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 10,10%; 9,04% en Pontevedra; 8,09% na Coruña; e o 9,96% en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 29,73%, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 39,6%. Realizáronse en xullo un total de 75.906 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero

de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 67,88%, e do 49,47%, no primario. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 28,29%, e na industria, do 22,89%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 65,19%, con 76.573 persoas beneficiarias. Deste total, 38.541 perciben subsidio e a renda activa de inserción, 4.596, ambas importes asistenciais, e tan só 33.436 prestacións contributivas, o 43,7% do total.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.078.128 de media mensual, medrando un 1,02% no mes e un 1,88% no ano.

AMOSAN O SEU MALESTAR POLO PROTOCOLO ASINADO POLA XUNTA E DEPUTACIÓNS SEN CONTAR COA PARTE SINDICAL

CONTINÚAN EN FOLGA OS BOMBEIROS COMARCAIS

Insisten en demandar un convenio autonómico que sexa asinado antes de rematar o ano

Redacción.- Esta semana Xunta e deputacións asinaron un protocolo de colaboración coa finalidade de establecer un marco de diálogo e colaboración en aras de normalizar o funcionamento dos catro consorcios provinciais de bombeiros. Despois de ter asinado este texto, convocaron aos representantes sindicais e pedíronselles que o ratificasen coa con seguinte desconvocatoria de folga.

A isto, a representación sindical, UGT, CCOO, CIG, SIGBGAL, CSIF e USO, responderon que estas non eran as formas, por non telos convocado antes para a elaboración conxunta do protocolo, entre as tres partes. Polo que, polo momento, descártase a desconvocatoria da folga indefinida que está operativa dende o 15 de xuño e que consiste en non facer horas fóra do calendario ordinario, o que está a levar, ante as carencias de persoal, a ter que pechar nalgúns momentos centros de traballo.

A parte sindical toma a decisión de redactar un documento de achegas ao devantado protocolo para intentar chegar a un acordo pero, en ningún momento, asinar un protocolo imposto e redactado só polas administracións.

Dende UGT Servizos Públicos faise fincapé en que calquer acordo debería pasar por aplicar a firmeza en base á sentenza do TS; unificar os



convenios en cada provincia e aplicar as mellores condicións existentes; comprometerse a iniciar a negociación do convenio colectivo rexistrado pola parte sindical o 13 de xullo a partires do 1 de setembro de 2023 ata o 30 de outubro, co fin de homoxeneizar as condicións laborais do persoal dos catro consorcios provinciais; iniciar simultaneamente a tramitación das RPT; e só, despois da sinatura do acordo do convenio colectivo, procederase á desconvocatoria de folga.


De todos os xeitos, calquera acordo ou sinatura quedará a expensas de ser aprobado en asemblea de traballadores.

En relación á pretensión das administracións de que o acordo auto-

nómico sexa para outubro de 2024, Álvaro Negreira (UGT), presidente do Comité de Lugo, apunta que, aínda que a intención pode ser boa, os prazos afástanse demasiado e, ademais, cun condicionante, o máis probable é que haxa un período electoral por medio, as eleccións autonómicas. É por elo que os sindicatos apostan por telo asinado antes de rematar o 2023 porque os traballadores e traballadoras levan xa demasiado tempo pelexando polos seus dereitos e non se pode agardar por un horizonte de máis dun ano.

Lembrar que a folga indefinida, que afecta a uns 500 bombeiros de 25 parques comarcais, consiste en limitarse a traballar cada un dos efectivos na súa quenda, sen cubrir outras demandas.

UGT INSTA A QUE NAS EMPRESAS SE RESPECTE O DEREITO Á DESCONEXIÓN DIXITAL



Redacción.- O sindicato, que elaborou un díptico informativo sobre a materia, lembra que é imprescindible que as persoas traballadoras, tamén nos meses de verán, poidan desconectar do traballo.

UGT lembra que son moitas as empresas que implementaron o teletraballo como nova forma de organización do traballo e a utilización de dispositivos electrónicos na contorna laboral. Por iso, o sindicato vén denunciando que a conectividade non debe ser, en ningún caso, sinónimo de “dispoñibilidade permanente” cara ás necesidades da empresa. A conectividade constante (atender o teléfono ou a mensaxería, revisar o correo electrónico ou acceder a redes sociais da empresa etc.)/ etc.) dificulta a desconexión mental e a necesaria recuperación física e psicolóxica das persoas traballadoras.

Ademais, esta dispoñibilidade permanente conleva riscos psicosociais e incrementa os niveis de estrés. Desde a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores lémbrese que xa nos atopamos patoloxías como o “tecnoestrés laboral” ou a “nomofobia” e outras adicións derivadas do uso continuado e non racionalizado das novas tecnoloxías.

É frecuente recibir comunicacións da empresa durante os tempos de descanso, provocando a mencionada hiperconectividade e a dispoñibilidade constante, isto sumado á falta de políticas empresariais para a correcta xestión do uso de dispositivos electrónicos, como smartphones ou tablets, producen estrés e fatiga entre os traballadores e as traballadoras.

Cabe lembrar que todas as persoas traballadoras teñen dereito á desconexión dixital, incluídos todas aquelas que traballan a distancia, segundo se recolle no artigo 88 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro e no artigo 18 da Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia e que as empresas deben garantir, por tanto, esta desconexión durante os tempos de descanso, incluídas, obviamente, as vacacións estivais.

Urxe implementar de forma real e efectiva a normativa laboral

Desde o sindicato, e ante os numerosos incumprimentos da normativa laboral vixente, reivindícase a necesidade dunha nova normativa que prohiba ás empresas comunicarse cos seus traballadores e traballadoras durante o seu período de

descanso. Ademais, é importante incluír o dereito á desconexión na Lei de Prevención de Riscos Laborais, como un dereito máis das persoas traballadoras, así como tamén establecer un réxime sancionador.

UGT considera importante, tamén, incluír o chamado “Burn out” ou síndrome do traballador queimado, producido por un estrés crónico e que xa incluíu a Organización Mundial da Saúde (OMS) na Clasificación Internacional de Enfermidades, así como as patoloxías derivadas dos riscos psicosociais no Cadro de Enfermidades Profesionais español. É importante seguir reivindicando a revisión do devandito cadro, no que a día de hoxe non se recoñece ningunha enfermidade orixinada polos riscos psicosociais, aínda sendo incluídos os trastornos mentais e do comportamento, na Lista de Enfermidades Profesionais de 2010 da OIT.

Ademais, débese sinalar que, a través dos convenios ou acordos colectivos, é posible establecer os medios e formas para garantir o dereito á desconexión dixital. UGT ten dispoñibles cláusulas sobre desconexión dixital adaptables a cada empresa ou sector que poden utilizarse para a negociación de convenios ou acordos colectivos.

O TRABALLO A TEMPO PARCIAL NON ELIXIDO, SEGUE DISCRIMINANDO ÁS MULLERES

UGT pide seguir avanzando cara a dignificación da economía das mulleres traballadoras, introducindo medidas correctoras na utilización do traballo a tempo parcial

Redacción.- Os últimos datos da EPA coñecidos, correspondentes ao segundo trimestre de 2023, publicada polo Instituto Nacional de Estatística, reflicten que se alcanzou o maior número de mulleres ocupadas da nosa historia, 9.799.600 mulleres, cun emprego remunerado, que representa unha porcentaxe do 46,54% sobre o total das persoas ocupadas. Evidénciase tamén unha redución da porcentaxe de desemprego das mulleres, situándose no 13,16%, con todo, segue sendo moi superior á cifra do 10,19% de desemprego dos homes. A EPA tamén reflicte, en cambio, que na serie histórica a taxa de paro de mulleres é tres puntos superior ao 10,35 % do segundo trimestre de 2007, feito que demostra que aínda queda moito traballo por facer.

Cabe remarcar que para as mulleres traballadoras ou que queren traballar, é dicir, o 54,29% das mulleres, estes datos

tampouco son de celebración. En todo iso, é importante, constatar que para unha de cada catro mulleres a súa única forma de inserción laboral é o traballo a tempo parcial. De feito, máis de 2 millóns de mulleres estaban a traballar a tempo parcial durante o segundo trimestre de 2023, e delas, a metade, un millón de mulleres, queren traballar a xornada completa, pero non se lles ofrece esta modalidade de xornada. Os contratos a tempo parcial concéntranse nas traballadoras do fogar, as actividades administrativas, e o comercio principalmente. Trabалlos escasamente valorados e, en consecuencia, pouco remunerados.

O traballo a tempo parcial supón unha discriminación cara ás mulleres, así o recoñeceron en 2019 o Tribunal Europeo de Xustiza (TJUE) e o Tribunal Constitucional (TC). Os contratos a tempo parcial vulneran o principio de igualdade entre traballadores a tempo completo e a

tempo parcial, e son discriminatorios de forma indirecta por razón de sexo, dado que as persoas traballadoras a tempo parcial son maioritariamente mulleres.

A pesar dos avances do último ano froito do diálogo social en canto á subida do SMI, que se situou en 1.080 euros brutos en catorce pagas, e dos avances en canto á redución da brecha de xénero nas pensións, e na protección social das persoas traballadoras a tempo parcial, desde UGT esiximos seguir profundando na introdución de melloras nesta modalidade de xornada, por exemplo, introducir unha porcentaxe de elevación á alza do SMI para aquelas persoas con contrato a tempo parcial.

Desde UGT sabemos que para seguir reducindo a brecha salarial e de xénero, é imprescindible tomar medidas de calado que permitan mellorar a vida das mulleres traballadoras.

UGT CONSIDERA IMPRESCINDIBLE INTENSIFICAR A LOITA CONTRA A TRATA E A EXPLOTACIÓN LABORAL

Redacción.- Con motivo da conmemoración do Día Mundial contra a trata de seres humanos, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores quere lembrar que, segundo datos da OIT, no ano 2021, máis de 27´6 millóns de persoas no mundo atopábanse en situación de traballo forzoso. Delas 11´8 millóns eran nenos e nenas. O sindicato tamén pide modificar a normativa de estranxeiría para que as vítimas de explotación laboral e de explotación sexual teñan a mesma protección que as vítimas de trata.

A OIT sinala que entre os anos 2016 e 2021, as cifras do traballo forzoso incrementáronse en máis de 2´7 millóns de persoas e que son as persoas migrantes as que en maior proporción son vítimas desta violación dos dereitos humanos.

No 2022, 229 vítimas de trata

Segundo os datos do Ministerio de Interior, no ano 2022 identificáronse en España un total de 229 vítimas de trata, delas, 89 foron víti-



mas de trata laboral, ás que hai que engadir 516 vítimas de explotación laboral. Neste sentido, o Consello de Europa no seu terceiro informe sobre España en materia de trata de seres humanos recomenda ao Goberno que intensifique os esforzos para previr e combater a trata con fins de explotación laboral, entre outras medidas, reformando a lexislación, para

acabar coas lagoas que limitan o axuizamento de casos de trata laboral. O Anteproxecto de Lei Orgánica integral contra a trata e a explotación de seres humanos, agora decaído polo fin da lexislatura, ía resolver en parte a deficiente regulación modificando o Código penal para tipificar os delitos de traballo forzoso, servidume e escravitude.